Pero Garcia de Ambroa

Rubrica
Pedi eu o cono a ũa molher,
e pediu-m'ela cem soldos entom;
e dixe-lh'eu logo: - Mui sem razom
me demandades; mais, se vos prouguer,
fazed'ora - e faredes melhor -
ũa soldada polo meu amor,
a de parte, ca nom hei mais mester.

Fazem soldada do ouro, que val
mui mais ca o vosso cono, de pram;
fazem soldada de vinh'e de pam,
fazem soldada de carn'e de sal;
por en devedes do cono fazer
soldada, ca nom há-de falescer,
se retalhardes, quem vos compr'o al.

E podede-lo vender, eu o sei,
tod'a retalho, porque saberám
que retalhades, e comprar-vos-am
todos del parte, como eu comprei.
Ainda vos d'al farei mui melhor:
se do embiigo havedes sabor,
contra o rabo vo-lo filharei.

cantigas-stag.square-bit.com

© 16/11/2026